



Concello de Outeiro de Rei

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

“PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles (artigo 2 do Texto Refundido da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles aprobada en sesión plenaria do 27 de outubro de 2016 e publicada a aprobación definitiva no BOP do 30 de decembro de 2016 (nº 299) , e modificada por acordo do Pleno da Corporación do 28 de decembro de 2017 e publicada a aprobación definitiva no BOP de Lugo o 24 de abril de 2018 (nº 93) nos seguintes termos:

Artigo 2:

Tipo de gravame.

Os tipos de gravame serán os seguintes:

Para bens inmobles urbáns ou 0,50 por 100.

Para bens inmobles rústicos ou 0,45 por 100.

Para bens inmobles de características especiais ou 0,6 por 100.

SEGUNDO. Expoñer ao público o anterior Acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica desta entidade de www.outeiroderei.gal

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

CUARTO. Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto”.

[Ordenanza aprobada na sesión plenaria deste concello de data 26/10/2023. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 297 de 29/12/2023].